

ESQUEMA. RAMÓN CABANILLAS

O POETA	OBRA	CARACTERÍSTICAS	ESTILÍSTICA E LINGUA
Cambados, 1876-1959			Ten a vontade de crear un modelo de lingua culto válido para a escrita literaria.
Etapa pregaleguista (1910-1915) Etapa influenciada polo movemento agrario liderado por Basilio Álvarez.	<i>No desterro. Visións gallegas</i> (1913). <i>Vento mareiro</i> (1915). Ambas as dúas publicadas na Habana.	<ul style="list-style-type: none"> Poeta intimista (o amor, a saudade e o desterro). Poeta descritivo (a aldea e o mar). Poesía cívica asociada ao agrarismo (labrego fronte a cacique e aldea fronte a vila) cunha actitude exaltada. 	Comeza a incorporar as primeiras influencias métricas e estilísticas do modernismo rubendariano (ambientación exótica con princesas e xardíns, preciosismo verbal e sinestesias). Alén disto, emprega metros populares: octosílabo (8) e hexasílabo (6); e clásicos: hendecasilabos (11) nos sonetos.
Etapa galeguista (1915-1920) Influenciada polo nacionalismo das Irmandades da Fala.	<i>Da terra asoballada</i> (1917). <i>A man de Santiña</i> (1921) (teatro).	<ul style="list-style-type: none"> Poesía cívico-nacionalista (Galicia contraposta a Castela) cunha actitude menos exaltada. 	Continúa as tendencias anteriores. Na poesía cívica o estilo é máis directo e prosaico.
Etapa mítico-saudosista (1920-1931) Influenciada por Eduardo Pondal. Enxalza con saudade o pasado glorioso de Galicia –a época celta do rei Artur– para espertar a conciencia galeguista (didactismo). Vaticina un futuro esperanzador xa que o rei Artur está nunha ribeira galega á espera de tempos mellores.	<i>Na noite estrelecida</i> (1926), poesía épica dividida en tres sagas: 1. «A espada Escalibor», Artur é nomeado rei de Caledonia tras erguer a espada máxica que procede da illa de Sálvora. 2. «O cabaleiro do San Grial», Galahaz encontra o Graal no Cebreiro. 3. «O sono do rei Artur», despedida do rei pouco antes de mergullarse nun sono do que espertará nun tempo futuro para gloria dos pobos célticos. <i>O mariscal</i> (1926) (teatro), escrita con A. Villar Ponte. Traxedia histórica en verso de clara inspiración modernista.	<ul style="list-style-type: none"> Poesía narrativa. Ton solemne e maxestático. Ton épico (aventuras). Misticismo relixioso. Nacionalismo. Poesía lírica con influencias estilísticas do modernismo. 	<p>Oracións subordinadas: uso de copretéritos e pretéritos, uso de verbos <i>dicendi</i> (<i>acaesceu que</i>).</p> <p>Arcaísmos: <i>El-Rei, El Señor</i>; léxico culto (<i>nimbo, sonoro</i>); hipérbatos (<i>os brazos sarmentosos o bardo ós ceos tende</i>); voz pasiva (<i>o príncipe trunfante na catedral é entrado</i>).</p> <p>Lentitude narrativa: hipérbolos (<i>ergueito como un pino que as nubes fende</i>); uso do artigo con finalidade estilística (<i>o bardo adiviño</i>).</p> <p>Símbolos relixiosos como <i>a espada</i> (a cruz), <i>o Graal</i> (o vaso sagrado) e <i>a aguia</i> (a ascensión).</p> <p>Galicia aparece descrita como un <i>locus amoenus</i>, o Graal encóntrase no Cebreiro, a espada ten orixe galega e a furna en que está Artur é galega. Símbolos nacionalistas, como os <i>dolmens</i> e os <i>castros</i>.</p> <p>Na métrica: emprego de versos alexandrinos (de 14 sílabas), e dun regular ritmo acentual que lle confire musicalidade ao verso.</p> <p>No estilo: sinestesias visuais, olfactivas (<i>Nun nimbo luminoso surde o bardo adiviño / envolveito en brancuras recedentes de liño</i>) e auditivas (<i>Estalan con balbordo de trunfadores hinos / no esguío campanario os atronantes sínos</i>), que poñen en destaque a ambientación máxica, atmosfera en certa medida exótica, tan propia do modernismo.</p>
Etapa mística (1939-1959) Poesía de contemplación e de introspección.	<i>Da miña zanfona</i> (1954). <i>Samos</i> (1958). <i>Antífona da cantiga</i> (1950). <i>Versos de alleas terras e tempos idos</i> (1955). <i>O bendito san Amaro</i> (1925), incluído na súa obra completa <i>Camiños no tempo</i> (1949).	<p>Sobre a vida e a morte.</p> <p>Comuñón coa natureza para lograr o equilibrio interior.</p> <p>Recompilación de cántigas populares que pon en marcha a editorial Galaxia.</p> <p>Traduce e adapta poemas gregos, latinos, ingleses e alemáns.</p> <p>Romance en octosílabos que narra o pecado, penitencia e milagres de don Amaro de Arenteí, personaxe lendario da tradición popular da comarca do Salnés.</p>	

Ramón Cabanillas considerouse a síntese e a superación do Rexurdimento. Do XIX segue a poesía social de Curros, a liña descritiva e intimista de Rosalía, e o ton épico de Pondal; no entanto é o escritor máis sobresaliente da época por renovar a poesía impregnándoa de influxos modernistas, saudosistas e simbolistas, afastándose da poesía realista pero sempre cunha finalidade patriótica.